

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2018 (PROCEDEMENTO SIA 215828)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de marzo de 2018, adoptou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

**BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO
PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2018
(PROCEDEMENTO SIA 215828)**

A Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas destinadas a promover e fomentar o emprego da lingua galega na sociedade, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Primeira. Obxecto

A Deputación concederá subvencións para as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.

A Deputación de Pontevedra concederá, en réxime de concorrencia competitiva, axudas económicas dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro da nosa provincia para as actividades que fomenten o uso e o prestixio do galego no conxunto da sociedade que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018 a través das seguintes accións:

- a. Fomento da creación e da difusión cultural en lingua galega
 - Certames literarios e xornalísticos
 - Creación audiovisual e literaria
 - Feiras e eventos que promocionen a creación en lingua galega
- a. Sociolingüística e toponimia
 - Estudos e publicacións sobre sociolingüística
 - Xornadas e publicacións de recuperación da toponimia



Martes, 3 de abril de 2018

Núm. 64

a. Fomento do emprego do galego no comercio e na industria

— Xornadas, campañas e publicacións para a dinamización comercial en lingua galega

a. Recoñecementos e distincións

— Actividades, accións e publicacións relacionadas coa conmemoración do Día das Letras Galegas ou que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que aposten polo galego

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares
- Os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento
- As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais

Segunda. Dotación económica

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 18/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2018 por un importe total de cento vinte mil (120.000,00) euros.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (feito que se debe acreditar cunha declaración responsable da persoa representante)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando versen sobre temas de interese para a provincia
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación

Non poderán beneficiarse destas subvencións as ANPA nin as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades culturais concedidas no exercicio anterior.



Cuarta. Solicitudes e documentación

Cada entidade pode presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no da súa sede de Vigo, no Servizo de Cultura e Lingua ou na web www.depo.gal e achegarase ademais a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade, actualizada (con código electrónico), só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da entidade, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta
- Memoria explicativa dunha actividade concreta, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade concreta da que se terá que indicar o lugar e a data de realización
- Orzamento pormenorizado e totalizado (no que se inclúan as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) dunha actividade concreta e determinada, asinado pola persoa representante
- Declaración na que conste se se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade para a que se solicita a subvención
- Declaración de que a entidade non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de aceptar as bases da convocatoria
- Certificación ou declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta
- Declaración do número de persoas socias da entidade
- Certificación orixinal dos datos bancarios ou copia cotexada co nome da entidade peticionaria

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos nestas bases ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, terase por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Naqueles casos nos que, despois de requirirlle documentación, siga sen completala, arquivarase a solicitude sen máis trámites.



Quinta. Lugar e prazo de presentación

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle traslade ao BOPPO o seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na web www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o 30 de abril de 2018.

As solicitudes poderanse presentar de calquera dos seguintes xeitos:

a) Presentación de solicitudes mediante formulario na sede electrónica (procedemento SIA 215828)

Para realizar a solicitude a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) seguiranse os seguintes pasos:

1. Identificarse usando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra: certificado dixital, DNI-e, Cl@ve PIN ou Cl@ve permanente

2. Acceder ao catálogo de procedementos e localizar o específico da convocatoria (procedemento SIA 215828)

3. Cubrir os datos do formulario tal e como se solicita na sede electrónica

4. Achegar o formulario normalizado de solicitude debidamente cuberto, que se pode localizar no apartado “Formularios requiridos” xunto coa documentación establecida na base cuarta

Se o proceso finaliza con éxito, a sede electrónica facilitará un xustificante de rexistro que acredita a presentación da solicitude.

b) Presentación de solicitudes mediante formulario impreso normalizado

No caso de non poder realizar a solicitude a través de www.depo.gal, a persoa solicitante poderá presentala, xunto coa documentación establecida na base cuarta, no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro xeral da Deputación) este deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro xeral da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.



A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Sexta. Autorizacións e consentimentos

A presentación da solicitude de subvención por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para consultar automaticamente datos en poder das administracións públicas (CIF da entidade e DNI da persoa representante) e para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 23.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente este consentimento, en cuxo caso deberá presentar a documentación necesaria e as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

Sétima. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, tendo en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

- 1) Difusión da actividade (de ámbito local, provincial, nacional ou internacional), ata 20 puntos
- 2) Orzamento total da actividade, ata 40 puntos
- 3) Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 15 puntos
- 4) Adecuación da actividade ao interese provincial, ata 25 puntos

Neste punto teranse en conta as persoas participantes e as que se beneficien da actividade, o fomento da lingua galega na súa realización e o fomento da igualdade entre mulleres e homes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou investimento que leve a cabo a entidade beneficiaria.



Oitava. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura e Lingua, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base sétima, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitirase a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta do xefe de servizo das solicitudes de subvención recibidas. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

Presidencia: o deputado delegado da área de Cultura e Lingua

Vogalía: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e Lingua e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención

Secretaría: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura e Lingua, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Novena. Modificación da resolución

A entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación da resolución de concesión, sempre que non se varíe o contido ou a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas, axustándose ao establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión da axuda.



Décima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2019.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos a alimentos e bebidas.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada unha o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán para xustificar as nóminas do persoal propio da entidade.

As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.

b. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8.2.c) das bases de execución do vixente Orzamento provincial.

c. Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

d. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deben aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

e. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible unha forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.

f. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.



Martes, 3 de abril de 2018

Núm. 64

g. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.

h. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.

i. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte da Deputación para esta actividade a través do logotipo “Deputación: Ano da Lingua” que deberán descargar de www.depo.gal ou cuxo envío deberán solicitar á sección de Comunicación Institucional.

Décimo primeira. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

Décimo segunda. Incumplimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura e Lingua requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

Non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo terceira. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases



Martes, 3 de abril de 2018

Núm. 64

Décimo cuarta. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das bases de execución do Orzamento para o ano 2018 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo quinta. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar; nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Décimo sexta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación do exercicio 2018, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

